



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente 2024/E001/000001

2024/G003/001142

DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA, PLANIFICACIÓN URBANA, SERVIZOS Á VECIÑANZA E RECURSOS HUMANOS

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez obtivo da Deputación Provincial da Coruña unha subvención para a contratación laboral temporal de seis (6) peóns/peoas ao abeiro do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PEL-Concellos 2024), no marco das axudas incluídas na liña 1.1 do Plan de Emprego Local.

2. As tarefas a realizar serán as propias de cada posto e, en todo caso, as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos mínimos municipais. A través do Decreto da Alcaldía 1287/2014, do 26 de xuño, declaráronse sectores prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos esenciais, entre outros, as unidades adscritas á área de obras destinadas ao mantemento e conservación de estradas, pistas, edificios públicos municipais e ao mantemento das infraestruturas locais básicas.

3. Mediante Providencia de data 21/03/2024 o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos dispuxo a iniciación do procedemento de selección do persoal encamiñado á contratación de seis (6) peóns/peoas como persoal laboral temporal para levar a termo as actuacións obxecto da subvención concedida.

4. A convocatoria e as súas bases reguladoras foron aprobadas a través do Decreto 960/2024, do 16 de maio (expediente 2024/G003/000978), e publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 99, do 23/05/2024.

5. O prazo de presentación de solicitudes principiou o 24 de maio e rematou o 6 de xuño de 2024.

6. A través do Decreto 1065/2024, do 8 de xuño (expediente 2024/G003/001120) aprobouse a relación definitiva das persoas aspirantes admitidas e das excluídas, designáronse os/as integrantes do tribunal (titulares e suplentes) e fixouse o lugar, día e hora de constitución do órgano de selección, de realización do exercicio da fase de oposición e de celebración da proba de lingua galega.

7. Rematado o proceso selectivo, o tribunal efectuou a proposta de contratación das seis persoas que acadaron a maior puntuación no proceso selectivo (concurso-oposición). Tamén propuxo a elaboración e aprobación da lista de espera a que se refire a base núm. 9 das reitoras da convocatoria, integrada polas restantes persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e que quedaron nas posicións 7ª, 8ª e 9ª.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A base núm. 10 das da convocatoria indica que as persoas aspirantes propostas para seren



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

contratadas serán requiridas para que acheguen a documentación que a meritada base establece, para poderen ser contratadas.

As persas concernidas presentaron a documentación solicitada.

A competencia orixinaria para ditar a presente resolución é da Alcaldía, por mor do disposto no artigo 21,1, letras g), h) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, a través do Decreto 1529/2023, do 5 de xullo (BOP núm. 133, do 13/07/2023), tal atribución, entre outras, foi delegada no concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Contratar, en réxime de dereito laboral, coa categoría de peón/peoa, co tipo de contrato cuxas características se describen a continuación, ás persoas que se relacionan:

a) Persoas contratadas:

Nome e apelidos

- José Manuel Feal Allegue, con DNI ****0759**
- Plácido Cal Chao, con DNI ***3825**
- Gerardo Parapar Rey, con DNI ***0996**
- Noé López Valiña, con DNI ***1416**
- Manuel Fernández Fernández, con DNI ***4741**
- María Carmen Prieto Franco, con DNI ***0995**

b) Características do contrato:

- É un contrato de duración determinada (6 meses), na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de conformidade co disposto no Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se modifican as modalidades contractuais a partir do 30/03/2022, cunha xornada laboral de luns a venres, a tempo completo, co código 405. A duración do contrato non poderá exceder do 31/12/2024.

- A retribución é a que obra no expediente.

2. Dar de alta en nómina e na Seguridade Social ao referido persoal contratado.

3. Establecer a seguinte lista de espera (base núm. 9 das da convocatoria), por orde decrecente de puntuación:

- 1º) Antonio Miguel Rego Trastoy, con DNI ***1782**
- 2ª) María Dolores Blanco Cazás, con DNI ***1496**
- 3º) Manuel Salazar Monteiro, con DNI ***0563**



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

4. Notificar o presente decreto ás persoas aspirantes contratadas.

5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía ou Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román